

# Colombia, un reto ao futuro

*Pilar López-Dafonte Suanzes*

No ano 2003 o Goberno do presidente Álvaro Uribe alcanzou un acordo cos líderes das Autodefensas Unidas de Colombia (AUC) para a desmobilización de blocos deste grupo armado ilegal en varias áreas do país, a cambio de establecer penas alternativas suxeitas a este proceso de desmobilización. A etapa inicial consistiu na entrega de armas por parte de 31.670 persoas que se identificaron como membros de 38 blocos das AUC<sup>(1)</sup> e outros grupos armados á marxe da lei.

Superada esta etapa, o proceso enfróntase hoxe aos desafíos derivados do establecemento de responsabilidade daqueles desmobilizados involucrados na comisión de crimes, e a reparación ás vítimas, mediante a aplicación da Lei 975 de 2005 ou máis coñecida pola Lei de Xustiza e Paz.

Esta iniciativa de proceso de paz é unha experiencia única no mundo, xa que se desenvolve no marco dun conflito que, desafortunadamente, seguirá xerando máis vítimas. Pois non habemos de esquecer que Colombia está entre os tres países máis minados do mundo, xunto a Camboxa e Angola. Á súa vez é o primeiro, segundo estatísticas do alto comisionado de Nacións Unidas para os Dereitos Humanos, por vítimas de minas anti-persoas.

Nun principio, a compatibilidade da normativa deste proceso coa Constitución colombiana foi cuestionada ante a Corte Constitucional. En resposta, a Corte Constitucional declarou a Lei 975 como “constitucional en forma global” e, á súa vez, sinalou condicións a fin de que varias das súas disposicións puidesen ser consideradas compatíbeis co bloco constitucional. Os alicerces fundamentais que se estableceron para o adecuado desenvolvemento do proceso foron a procura da verdade, a xustiza, a reparación e as garantías de non repetición en prol das vítimas.

O deseño legal que se propón para materializar estes principios fundamentais son tres vías, mediante as cales as vítimas poden axir dunha maneira directa nos procedementos. Estas vías son: a xudicial, a reparación administrativa individual e a reparación colectiva.

A vía xudicial supón para as vítimas a necesidade de facerse parte nos procesos de investigación e xuízo contra os blocos ou fronteiras das AUC, os cales acolléronse aos beneficios penais que leva o proceso de paz con ese actor armado.

Todo iso supón, por parte da vítima, denunciar o responsábel e procurar un nexo causal entre os danos sufridos e a actividade delituosa dese bloco armado que levou a cabo até o ano 2005.

---

(1) Datos establecidos pola Misión de Apoio ao Proceso de Paz en Colombia da Organización de Estados Americanos (OEA).

Até o de agora máis de 90.000 persoas achegáronse a participar no proceso que adianta a Fiscalía na fase de investigación<sup>(2)</sup>. A participación das vítimas con garantías de seguridade constitúe un aspecto crucial do proceso xudicial e da protección do dereito á verdade, a xustiza e a reparación. Aínda existen moitas zonas do país onde a violencia derivada de membros das AUC que non se desmobilizaron, novos actores armados e o fortalecemento dalgúns xa existentes, causan temor ás vítimas e limitaas na hora de comparecer e reivindicar os seus dereitos. Neste sentido foi aprobado no ano 2007 o Decreto 3.570 que supón un protocolo para a protección de vítimas e testemuñas do conflito.

Aínda así, en moitas ocasións as Autoridades fan caso omiso dos reclamos de protección das vítimas, como no caso de Yolanda Izquierdo que lideraba un movemento de campesiños cuxa finalidade era a reclamación de terras usurpadas polas AUC no departamento de Córdoba. Dita líder ameazada solicitou de xeito reiterado ás autoridades xudiciais medidas de protección sen recibir resposta algunha. Desafortunadamente, as ameazas materializáronse a finais de xaneiro do 2007, data na que foi asasinada.

A reparación vía administrativa individual aínda que non ficou expresada na Lei de Xustiza e Paz foi posteriormente e recentemente establecida mediante o Decreto 1.290 de abril de 2008. Consiste nunha indemnización económica que o Estado recoñece ás vítimas polos danos que sufriron por mor de violacións de Dereitos Humanos e de infraccións ao Dereito Internacional Humanitario polos feitos atribuíveis aos grupos armados organizados á marxe da lei.

Contra o que acontece na vía xudicial, neste tipo de reparación inclúense tanto os feitos cometidos por grupos paramilitares como os feitos perpetrados por grupos guerrilleiros.

Este tipo de reparación foi moi criticada polas organizacións de vítimas ao consideraren que unha simple reparación económica non axuda a dignificar e reconfortar a ausencia dos seres queridos vítimas do conflito.

No tocante á reparación colectiva, o seu propósito é reconstruír o tecido social das comunidades afectadas por feitos de violencia sistemática. Un exemplo témolo no correximento da India, no norte de Santander, cuxa poboación sufriu a constante presenza de grupos armados organizados á marxe da lei. Esta rexión do departamento de Magdalena Medio foi obxecto de numerosas disputas por parte da guerrilla, paramilitares e Exército, causando efectos devastadores en toda a poboación, o que supuxo sen dúbida, un dano a nivel colectivo.

Os territorios onde fica o poboamento afro-colombiano tamén se converteron en zona de disputa e asentamento dalgunhas das organizacións armadas á marxe da lei, tal como acontece en departamentos das rexións do Pacífico e do Caribe. A situación máis crítica atópase no norte do Chocou, e a zona costeira do departamento de Nariño, onde foron vulnerados os territorios colectivos das comunidades afro-

---

(2) Datos recopilados pola Comisión Nacional de Reparación y Reconciliación (CNRR).

colombianas. Nestas zonas, onde estas comunidades lograron a legalización das súas terras, moitos habitantes tiveron que desprazarse, ante as ameazas constantes dos actores armados ilegais.

Na actualidade ese dano debe ser reparado, iniciado coa presenza do Estado e a recuperación da confianza dos cidadáns acusados de pertencer, dun xeito constante, a un ou a outro bando.

A reparación integral ás vítimas é o obxectivo principal neste proceso, o poder lograr o tránsito de vítima a cidadán é un dos fins perseguidos para conseguir unha certa normalidade no país. Mesmo así non é doado nin usual para unha grande cantidade de campesiños afastados historicamente do Estado, considerar a posibilidade dunha denuncia dun crime e o reclamo pola reparación do dano cando, polo xeral, toda a súa vida estiveron sometidos á arbitrariedade dalgún actor armado que se moveu con impunidad por todo o territorio colombiano coa ausencia da presenza do Estado.

Co fin de recuperar esa confianza e asegurar a participación das vítimas no proceso, a Lei de Xustiza e Paz constituíu a chamada Comisión Nacional de Reparación e Reconciliación, unha Comisión de carácter mixto e cunha vixencia de oito anos na cal participan membros do Goberno Nacional, do Ministerio Público, representantes da sociedade civil, así como asociacións de vítimas.

A Comisión liderada polo sociólogo Eduardo Pizarro, ten como finalidade fundamental lograr a visibilidade das vítimas, axudalas na recuperación das súas vidas tanto desde o punto de vista emocional como na procura da verdade e xustiza.

Por primeira vez na historia de Colombia, as vítimas están adquirindo unha relevancia até o de agora negada dun xeito consciente ou inconsciente por parte das Autoridades e Institucións Públicas.

Esa relevancia está permitindo avanzar á sociedade colombiana no seu conxunto, unha sociedade que até hai pouco enxalzaba figuras como a do xeneral Rito Alejo del Río pola súa loita contra a violencia guerrilleira na rexión do Urabá e na actualidade encarcerado pola súa clara alianza cos paramilitares. As urbes colombianas comezan a tomar conciencia do que a poucos quilómetros das súas casas estaba sucedendo, as chamadas “versións libres” nas que os desmobilizados confesan os seus crimes e profesan o seu arrepentimento fronte ás vítimas, que se atopan noutra sala véndoos e escoitándoos, está sendo a vergoña dos cidadáns colombianos que seguen atónitos os relatos das atrocidades cometidas polos seus concidadáns.

Neste sentido, sempre se dixo que Colombia é un país sen memoria, quizais porque a violencia fai parte ao mesmo tempo do pasado e do presente. Con todo, a Comisión Nacional de Reparación e Reconciliación decidiu hai xa máis dun ano establecer unha área de Memoria Histórica, coordinada polo coñecido historiador Eduardo Sánchez co fin de escribir a memoria das vítimas do conflito colombiano nos últimos 25 anos.

O traballo desta área empezou a dar os seus froitos coa recente celebración da Semana da Memoria e o lanzamento do libro *“Trujillo: una tragedia que no*

cesa”, contorna a unha masacre considerada por moitos das máis crueis ocorrida nos anos 1990 en Trujillo. O libro relata como os paramilitares desenvolveron as chamadas “tecnoloxías do terror”, procedementos que procuraban dosificar o sufrimento das vítimas e sensibilizar psicoloxicamente á comunidade. O río Cauca, ao que denominaron “río tomba” foi testemuña do sufrimento e a barbarie. Entre 1990 e 1999, a organización Medicamento Legal practicou 575 necropsias a corpos que flutuaban por este caudal.

É importante destacar que as mulleres están desenvolvendo un papel fundamental neste proceso de visualización da figura de vítima. As causas foron principalmente que elas víronse na obriga de ficar á fronte da súa comunidade e son forzosa-mente cabeza de familia.

A xeito de exemplo, segundo estatísticas da Comisión Nacional de Reparación e Reconciliación na oficina rexional de Nororiente, o 75% dos consultados nas súas oficinas foron mulleres fronte ao 25% de homes. Esta dinámica obedece en parte a que as mulleres son as sobreviventes do conflito tendo en conta que, en termos porcentuais, constitúen o 8% fronte a un 92% de vítimas de sexo masculino afectadas por actos como a execución extraxudicial e a desaparición forzada.

Esta situación deu lugar a que a muller colombiana adquira relevancia nas organizacións de vítimas para a esixencia dos seus dereitos. Organizacións como Iniciativas de Mulleres pola Paz (IMP), unha alianza da que fan parte 22 organiza-cións de mulleres, e as Nais da Candelaria, entre outras, teñen un papel principal no contexto da aplicación da Lei de Xustiza e Paz.

Líderes como Yolanda Izquierdo, xa mencionada, convertéronse en símbo-los para as mulleres que perseguen a verdade e a xustiza. Proba diso é a constitución de novas redes de mulleres vítimas que se están conformando nos lugares de máis difícil acceso para as institucións. A última foi no sur do departamento de Bolívar, unha zona terribelmente castigada polo conflito armado. Nun encontro realizado no municipio de Santa Rosa máis de 170 mulleres procedentes de todas as estradas do sur do departamento de Bolívar, acordaron por iniciativa propia constituír unha rede co fin de esixir máis e mellor os seus dereitos.

Xunto a esta lideranza feminina nas asociacións de vítimas, as institucións colombianas non estableceron de xeito conciso e claro un marco no que as mulleres vítimas poidan denunciar os crimes de xénero xerados polo conflito armado.

Na actualidade, este tipo de agresións siléncianse polas propias mulleres por mor ao medo e á deshonra social que supón dar a coñecer este tipo de feitos.

Os menores orfos, que foron testemuñas e vítimas da violencia ao longo destes anos de conflito, son outro sector esquecido da sociedade colombiana.

A inexistencia de programas de atención que tenten dalgunha maneira afron-tar as secuelas que estes menores sofren a causa do conflito armado é unha das máis importantes materias pendentes de organizacións, institucións e a sociedade colom-biana no seu conxunto. As comunidades indíxenas víronse afectadas e é tamén un grupo esquecido que sofre de forma continuada o desprazamento forzado. Na Sierra

Nevada de Santa Marta, as populacións que máis expostas se encontran á vulneración dos seus dereitos son os indíxenas. No norte do Chocó foron afectados con bloqueos de alimentos. No departamento de Tolima, a acción dos grupos armados ilegais afectou principalmente o pobo indíxena Pijao e os seus acubillos Tatarco Dinde.

Sería unha boa oportunidade aproveitar o proxecto de lei que nestes meses está a ser creado sobre o “Estatuto das Vítimas” para cubrir as lagoas e baleiros que sofren os grupos xa mencionados. Este estatuto pretende harmonizar nunha soa lei todas as medidas referentes á asistencia das vítimas, doutra parte estende estas medidas a vítimas de todos os axentes violadores dos dereitos humanos, así como daqueles que cometen delitos no marco do conflito armado, sexan grupos armados ilegais ou axentes estatais, punto este último non compartido polo goberno colombiano.

Pola contra, os impulsores do Estatuto así como as organizacións de vítimas que están participando activamente na elaboración do proxecto, afirman que eliminar aos axentes estatais impediría reparar ás vítimas de grupos distintos á guerrilla e paramilitares, vulnerando así o principio de igualdade. En realidade, ao goberno preocúpalle a responsabilidade política derivada dun eventual aumento no número de persoas que reclaman reparación por feitos deste tipo, así como o custo fiscal, pois no Estatuto está previsto eliminar o requisito da sentenza xudicial.

Se non hai cambios de última hora, o proxecto converterase en lei antes do 20 de decembro de 2008, día en que finaliza a primeira parte da lexislatura do actual goberno de Uribe Vélez. Con este proxecto deuse un novo paso cara ao recoñecemento das vítimas na República de Colombia, co fin de que a medio-longo prazo poidan chegar a converterse por fin en CIDADÁNS...

*[Cando isto escribo, fágoo dende Bucaramanga e o verme involucrada en tan inxente tarefa, fai que me sinta colombiana aínda sendo a única estranxeira que forma parte da CNRR. O sentimento dos meus compañeiros e as mulleres que cada día me impactan polo seu valor, demandan toda a miña entrega. As opinións da autora non reflicten nin comprometen a posición da CNRR].*

---

**Pilar López-Dafonte Suanzes** é licenciada en Dereito e magíster en Acción Internacional Humanitaria pola Universidade de Deusto (País Vasco), con experiencia profesional en países como Xeorxia, Moldavia, India, e os campamentos de refuxiados saharauís; así como bolseira de organismos internacionais en diversas universidades europeas e americanas. Actualmente atópase desenvolvendo traballos de asistencia e apoio na Comisión Nacional de Reparación e Reconciliación (CNRR), oficina Rexional de Nororiente, na cidade de Bucaramanga, Colombia.